

Orientacións para a práctica da Composición de textos a partir de varios documentos históricos: textos, mapas, gráficas, táboas estatísticas, imaxes...

O primeiro paso debe consistir na lectura atenta dos documentos.

- Con ela debemos conseguir:
 - A percepción do asunto xeral do que se trata.
 - A ordenación e xerarquización das ideas que conteñen.
 - A reflexión, a partir dos coñecementos previos sobre a materia, que nos debe permitir:
 - Distinguir o esencial do secundario.
 - Identificar persoas, institucións ou acontecementos que poidan ser obxecto de posterior comentario.
- Pode ser útil
 - Suliñar palabras e ideas clave, nomes, datas, acontecementos, opinións, acotacións, referencias, localizacións xeográficas, institucións...
 - Facer anotacións ou esquemas que faciliten o traballo posterior.

O segundo paso debe consistir na contextualización histórica dos documentos para integralos e comprendelos nun determinado momento ou proceso histórico:

- A relación dos documentos entre si e dentro dun contexto:
 - Semellanzas e diferenzas.
 - Cambios e continuidades.
 - Causas e consecuencias.
- A importancia ou trascendencia dos documentos dentro do proceso no que se sitúan
 - Antecedentes e causas (o contexto anterior).
 - Obxectivos dos autores, intereses ou tendencias defendidas (o contexto próximo).
 - Influencias e consecuencias (o contexto posterior).

O terceiro paso debe consistir na realización escrita da composición de textos, considerada como:

- Un exercicio de redacción que debe integrar todos os elementos anteriores para demostrar os coñecementos respectando as pautas básicas que rexen a expresión escrita:
 - A ortografía.
 - A precisión léxica e rigor conceptual.
 - A corrección da sintaxe.
 - A claridade e coherencia na expresión e na exposición de ideas.
 - A corrección xeral da presentación formal.
- Un exercicio de madurez para demostrar a capacidade para utilizar os coñecementos na comprensión e explicación intelixente de diversos documentos, no que debe estar presents os seguintes aspectos:
 - A introdución do asunto xeral.
 - A comprensión:
 - Identificación e explicación do problema histórico que mostren os documentos.
 - Evolución histórica do problema formulado: marco cronolóxico, antecedentes, causas, efectos, consecuencias...
 - Relación correcta entre os documentos propostos.
 - A interpretación e reelaboración persoal:
 - Relación dos acontecementos históricos aos que se refiren os documentos co seu contexto histórico: social, político, económico..., segundo corresponda.
 - O coñecemento específico:
 - Identificación de protagonistas, ideoloxías, cambios e continuidades..., segundo a natureza do problema histórico formulado
 - A conclusión ou valoración final.

A análise dos contidos dun texto ha incluír como mínimo:

- A presentación: tipo, asunto, autor, cronoloxía, localización xeográfica...
- A análise:
 - A ordenación e xerarquización das ideas que contén para distinguir o esencial do secundario, para o que debemos:
 - Clasificar os contidos, resumíndoos nunha frase.
 - Captar a relación lóxica que existe entre eles: causas, consecuencias, argumentacións, exemplos, valoracións, conclusións...
 - A identificación de persoas, institucións, conceptos básicos, palabras significativas e feitos históricos aos que alude o texto.
- A importancia ou trascendencia do texto no seu contexto histórico:
 - Antecedentes e causas (o contexto anterior).
 - Obxectivos dos autores, intereses ou tendencias defendidas (o contexto próximo).
 - Influencias e consecuencias (o contexto posterior).
- Valoración e conclusión.

A análise dos contidos dun mapa histórico ha incluír como mínimo:

- A presentación cunha clara delimitación das circunstancias históricas reflectidas no mapa:
 - Asunto representado.
 - Cronoloxía.
 - Distribución espacial.
- A descrición e análise:
 - Interpretación dos símbolos e indicadores presentes na lenda.
 - Acontecementos e datas reseñados no mapa.
- A importancia ou trascendencia do mapa no seu contexto histórico:
 - Antecedentes e causas (o contexto anterior).
 - Cambios e continuidades, semellanzas e diferencias (o contexto próximo).
 - Influencias e consecuencias (o contexto posterior).
- Valoración e conclusión.

A análise dos contidos dunha gráfica ou táboa de datos estatísticos ha incluír como mínimo:

- A presentación
 - Tipo: tipo de gráfica ou de táboa.
 - Obxecto ou materia representada.
 - Datos absolutos ou relativos (en porcentaxes).
 - Data ou período representado.
 - Ámbito xeográfico.
- A análise e interpretación dos datos subministrados:
 - Tendencias observables nas variables: á alza, á baixa, puntos de inflexión...
 - Relación entre as variables: avances, crises e retrocesos.
- A importancia ou trascendencia da gráfica ou táboa estatística no seu contexto histórico:
 - Antecedentes e causas (o contexto anterior).
 - Cambios e continuidades, semellanzas e diferencias (o contexto próximo).
 - Influencias e consecuencias (o contexto posterior).
- Valoración e conclusión.

A análise dos contidos dunha imaxe ha incluír como mínimo:

- A presentación
 - Tipo de imaxe: caricatura, cartel, fotografía...
 - Tema.
 - Cronoloxía.
 - Localización.
- A análise:
 - A descrición do representado na imaxe.
 - A identificación dos personaxes e os símbolos que aparecen.
 - A intención: sátira, crítica, propagandística...
- A relación co contexto histórico.
- Valoración e conclusión.